

Roberto Martínez Andrade

Montse Dopico e Antón R. López (eds.)

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

DOPICO, MONTSE, E ANTÓN R. LÓPEZ (EDS.) (2012 [2011]). “Roberto Martínez Andrade”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 862 (28 de abril). Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1673>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

DOPICO, MONTSE, E ANTÓN R. LÓPEZ (EDS.) (2011). “Roberto Martínez Andrade”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 862 (28 de abril).

* Edición dispoñíbel desde o 3 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

28 ABRIL DO 2011 - NÚMERO 862

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Roberto Martínez Andrade



Cincuenta anos dunha escrita excepcional

As celebracións de Lois Pereiro no Día das Letras Galegas achégannos á peculiar fonte poética de Lemos, unha fonte excepcional polas súas características, senlleira no conxunto da Literatura galega. Nesa fonte, bebeu Roberto Martínez Andrade (Monforte, 1918-1978), un poeta que hai exactamente cincuenta anos, en 1961, daba por pechada a súa obra. Esa obra, que mantén aínda hoxe a súa poderosa identidade, non aparecería ata moito despois (1984), cando el levaba xa seis anos morto e a súa memoria corría o risco de extraviarse. Este monográfico de Revista das Letras trata de reivindicar agora, nese aniversario, a obra dun autor que compartiu con Pereiro non só o berce xeográfico senón o seu sentido periférico da poesía, a súa paixón polos rituais alucinatórios e unha obra marcada polo compromiso irreductible entre a palabra e a verdade.

Roberto Martínez Andrade, o poeta do amor e da noite

en

1984, case vinte e cinco anos despois de ser escritos e seis despois da morte do seu autor, o Concello de Monforte publica *Esta é unha pequena hestoria de amor e de noites*, unha “case” obra completa de Roberto Martínez Andrade, un dos poetas máis insólitos da Literatura galega de posguerra, en liña co que parece ser unha característica da *fonte lemava* da poesía, como é o caso de Lois Pereiro ou, máis recentemente, de Alicia Fernández.

Foi en 1961, cando Martínez Andrade conclúe o conxunto dos seus poemas, a inmensa maioría en galego, con corrección lingüística de Uxío Novoneyra, o seu grande amigo e compañeiro de días vertixinosos por Monforte. Inutilmente trataron ambos de dar á luz estes textos, tanto en Madrid como en Galicia, a pesar de que Martínez Andrade estaba en certo modo ligado a Galaxia e a súa amizade con Novoneyra xorde a través de Ramón Piñeiro. Porén, transcorridos cincuenta anos da súa escrita, os textos de *Esta é unha pequena hestoria de amor e de noites* conservan intanta a súa poderosa –e inquietante– sintaxe, a paixón que levaron a este home da periferia lírica a embarcarse nun proxecto único e irredutible.

Nacido en Monforte no 1918 e morto en 1978, Roberto Martínez Andrade marchou a Madrid en 1935 para estudar medicina, carreira que non concluírá por distintas circunstancias, como a guerra civil, na que participou de médico dentro do Exército do Sur, de Queipo de Llano. En 1942, aínda en Madrid, comeza as súas colaboracións de comentarista musical para Radio Nacional de España, que o levarán posteriormente a publicar artigos en distintas publicacións. A etapa madrileña conclúe en 1947, cando regresa a Monforte e se ocupa da farmacia da súa familia. “A súa vida, a partir deste intre”, en palabras do seu biógrafo, Xosé Luis Allué Andrade, o seu curmán, “podería sintetizarse como un permanente conflito entre as súas novas actividades, nada prósperas por certo, e a súa propia personalidade, libérrima, xenerosa e –é obrigado dicilo– elegante en grao sumo”.

É a finais dos anos cincuenta cando, probablemente, establece amizade con Novoneyra, que había marcar durante unha longa temporada a ambos. Novoneyra estaba no Courel, convalecente aínda da terrible pleuresía que se lle declarara en 1952, e adoitaba ir a Monforte pasar varios días en compañía de Martínez

Andrade. Eran días de diálogos envolventes, de viños en cuadrilla con galeguistas, falanxistas e socialistas en potencia. Cesáreo Saco, Moncho Regueira, Aquilino Gómez –director de Radio Monforte, “de la Cadena de Emisoras Sindicales”, relucía na fachada da emisora– ou o venerado Antón Patiño Regueira.

Os da cuadrilla chamábanlle a Uxío e Roberto “os lobos”. Reuníanse no Casino en animada xolda, xogaban á baralla, animábanse en coloquios... Na cerna da cuadrilla, dúas persoas polas que ambos sentían un especial aprecio: Fernando de Tor e María Mazaira, coa que Novoneyra mantivo unha relación sentimental. Xuntos ían ao Pazo de Tor, propiedade da familia de Fernando, que os transportaba no seu coche cunha alegría contaxiosa. No pazo, celebraban longas sesións de baile e de cata de viños e augardentes.

A morte prematura de Fernando aos vinte e sete anos foi un golpe para o grupo, igual que a marcha de María Mazaira. Quedaron Roberto e Uxío, fieis ás súas coincidencias de castelos que se abren sen perder a soidade. Comezaban o seu percorrido a iso das cinco, algúns días coa participación de Manuel María. De noite, iluminados polo viño, entraban nunha éxtase de diálogos metafísicos que a Manuel se lle antollaban fabulosos. Neses diálogos, aparecía o que levaban dentro, que era –en palabras do autor chairego– “moi rico, dunha refinada complexidade”. Abrollaba o seu propio subconsciente e unha fantasía labrada pola intelixencia.

Tras a morte de Martínez Andrade, Novoneyra non volveu a Monforte e, con frecuencia, lembraba que moitas veces, ao debrocar un vaso na boca, o viño lle devolvía o sentido que encontrara con Roberto nunha idade tan dourada que, incluso, lle facía dudar se verdadeiramente a vivira.

A unión –diríamos case perenne– entre os dous amigos quedou patente no volume publicado en 1984 polo Concello de Monforte. Alí, o autor de *Os eidos* reproduce un dos seus grafismos dedicado ao poeta monfortino e o retrato que lle fixera en 1958, incluído logo no volume *Elexías do Courel i outros poemas* (1966): “*Esto é il: / un castelo que se abre sin perder soedá. / Eu seino prá noite en compañía / a preguntar longo tras dun sorriso ou unha moca: / Qué agardas ti, alma miña? / Tíngüete a Nostalgia / i eu lévate entró pan i o humor cotidián. / Cántas veces o viño volveome a aquil senso! / Ouh edá dourada, / por qué te sei e me fallas se non te vivín? / Non te vivín?*”.

“Unha estraña mestura de refinamento, arrogancia e contricción conforme ó fondo sentimental deste poeta, inda fidalgo e estelar. Trátase dunha constante que abrangue a maior parte dos seus poemas”, escribe Allué. Cincuenta anos despois de que el escribise os seus versos, reproducimos unha antoloxía dalgúns dos seus poemas... A súa intensidade aínda logra conmovernos...

M. Dopico/A.R. López

Preludio

Ista é unha pequena hestoria de amor e de noites.
A noite acolle agora o seu doado contrapunto có amor.

A amada semella a sombra, o aroma da fror
naquela páxina do libro que xamáis remataremos.

Máis a súa lembranza –era amor, si– inda move
o enganoso pensar craro i o sentimento oscuro

do cor, onde un perde un camiño que xa non é certo.
Pra que anticipat a final que sempre volta ó comezo?

Istes versos poden ser tristes. Ás veces parecen ledos.
Mais a súa verdade está detrás de todas as cousas.



1

Muller, ofrézoche un home, á noite,
a Xohan sebastián Bach. Que farás con nós?

Heime de quedar na noite cos astros inmutábeles?
Hei de facer xeometría xeadá do meu amor?

Regáloche o teu nome dúas veces repetido.
O teu nome que alonga a tristura. O teu nome.

Na nosa teoría non están os anxos que non naceron,
nin os mortos do Sante. Aínda estás ti.

I ey permanezo firme co teu nome.

O teu nome i eu. Que farás con nós?

2

A Lua fixo unha singladura no ceo por nos ver.
Seu velame deplegado ó vento marelo do Sul.

Coa alma lixeira sorrímoslle á noite cómplice,
envisos novamente na súa ollada de aboa leda.

O ritmo nobre do cor acadou o xeito brando.
No cerebro a sabor do sangue. Coma un golpe.

Salvaxes, fóronse os nosos corpos isolados
nunha unidade xa imposíbel. A lua fitaba.

O laio da curuxa marca a hora do noso tornar
i á volta –o frío– quixen tela a miña beira.

Falarlle ó seu pequeno corpo quente, perdurala.

Deica mañá, meu amor.



3

O viño é, as veces, ledó. O viño é triste.
Na noite o viño fai saber o que hai de certo.

A Noite fai bailar ó viño e nós danzamos
o seu son pesado, lixeiro, do noso paso.

A nosa verdade –no viño– é triste. É fracaso
de algo que non pudemos ter a nosa beira sempre.

Algo que fora como o latexar do noso cor.
O cor d'ún. Na noite. O cor.

Orto e ocaso

Orto e ocaso,
mentiras,
onde o home non vive
–non hai ataxo pras rectas–.

Antípodas de nos,
a lúa sae
cando morremos.

Os cás pasan ó noso lado,
como si tal cousa.



Final

No esqueleto levamos
unha sombra de cartón-pedra.

A morte
bebe con nós cada noite.

Horas longas
e anos leves,
todo anuncia un final
definitivamente insomne.

Amo as verbas verdadeiras

Amo as verbas verdadeiras
que non levan a verdade.

Amo as verbas necesarias
que nin música levan:

as verbas que removen
e resoan
no vello caserón do peito

–alá embaixo,
un grande cor de ferro
se agazapa–.



VI

Noite:
É preciso ser cego pra te sentir?

Ouh, amada!
É preciso decir que o final volta ó comezo?

A verdade queda detrás dos nosos versos.

